

## ACTA

En Arzúa, a 13 de setembro de 2018.

Sendo as 10.40 horas, reúnen-se na dependencia destinada a Secretaría dentro da Casa do Concello, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará o **exercicio de carácter práctico** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar a persoa que desempeñará o posto de traballo de **auxiliar da biblioteca municipal**, na modalidade de funcionario interino, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen a oposición, cunha xornada ordinaria de trinta e sete horas e media semanais, durante un período de tempo de cinco meses, rematando en todo caso o día 31 de decembro de 2018; e iso, de conformidade coas Bases aprobadas por resolución do alcalde, ditada o día 7 de xuño de 2018.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidenta: D<sup>a</sup> Marina Corral Pumar (*Técnica de cultura do Concello de Toques*).
- Vogais:
  - D<sup>a</sup>. Rosa Mendez García (*Bibliotecaria do Museo do Pobo Galego*)
  - D. Marcos Saavedra Blanco (*Bibliotecario da Biblioteca de Villalba*).
  - D. Ramón Torreiro González (*Bibliotecario da Biblioteca de Arzúa*)
- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora,--de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-- , a presidenta procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de concretar como se ía desenvolver segundo exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en resolver un suposto práctico, directamente relacionado coas funcións propias dos postos de traballo e co temario que figura no Anexo I das Bases que rixen a oposición.

---

Se ben, **con carácter previo, acordouse resolver a reclamación que presentara a aspirante Tamara Dosantos Delgado**, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello do día 11 de setembro de 2018 (rexistrado de entrada ao número 2.941).

Para o cal, polo secretario douse lectura de dito escrito, a través do cal se solicita a revisión da pregunta número 20, do cuestionario en que consistiu o exercicio teórico realizado o día 6 do presente mes, por considerar que non é correcta a resposta que figura marcada como válida na acta publicada contendo o resultado de dito exercicio.

Aos efectos de comprobar se houbera un erro á hora de determinar as respostas correctas, a presidenta e os vogais da Comisión Seleccionadora consultaron á persoa que redactara esa pregunta nº 20, cal era realmente a resposta correcta; manifestando que -como consecuencia desa consulta-efectivamente había un erro na corrección do exercicio, porque a resposta correcta era a a) e non a b) como figuraba na plantilla de respostas correctas.

Ante esta situación procedeu a revisar todos os exercicios teóricos realizados o día 6 de setembro; resultando que esa nova corrección afectaba aos seguintes aspirantes:

1. A Tamara Dosantos Delgado que, de ter 12,75 puntos, pasaba a ter 14 puntos.
2. A Alejandra Carreño Rodríguez que, de ter 17,75 puntos, pasaba a ter 16,75.
3. A María Pilar Canosa Carballo que, de ter 5,25 puntos, pasaba a ter 6,50 puntos.
4. A María Eugenia Hortal Pintos que, de ter 3,75 puntos, pasaba a ter 5 puntos.

Tendo en conta a situación descrita, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos seus integrantes- adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Estimar a reclamación presentada pola aspirante Tamara Dosantos Delgado e, en consecuencia, modificar as puntuacións obtidas no exercicio teórico realizado o día 6 do presente mes de setembro, unha vez realizada a correcta valoración da pregunta nº 20 do cuestionario de vinte preguntas, que realizaran os aspirantes en dito día.

E como esa nova valoración só afecta ás catro aspirantes antes indicadas; concretar que a puntuación obtida por esas aspirantes pasaba a ser a seguinte:

Nome e apelidos	Puntuación proba teórica
Tamara Dosantos Delgado	14 puntos
Alejandra Carreño Rodríguez	16,75 puntos.
María Pilar Canosa Carballo	6,50 puntos
María Eugenia Hortal Pintos	5 puntos.

**Segundo.**- Facer saber esta situación ás aspirantes que comparezan no día de hoxe a realizar o exercicio de carácter práctico de que consta a oposición, con anterioridade ao comezo do mesmo.

---

Deseguido, en relación co exercicio práctico previsto para o día de hoxe, a presidenta e os tres vogais decidiron elaborar o suposto práctico que sería obxecto de dito exercicio; considerando procedente que dito exercicio consistise na resolución de dez cuestións de carácter práctico, relacionadas coas funcións propias do posto de traballo e co temario especificado no Anexo I das Bases que rixen a oposición; de maneira que cada unha desas cuestións tivera catro respostas alternativas, das cales unha sería a correcta.

Tras o cal procedeu a facer as fotocopias suficientes dos dous folios que contiñan esas dez cuestións, incluíndo tamén unha pregunta de reserva; trasladándose con todo iso a Comisión Seleccionadora ao Salón de Sesións da Casa do Concello.

E unha vez alí, sendo as 11.50 horas, procedeu a chamar as catro aspirantes que compareceron a realizar o presente exercicio, as cales estaban esperando fóra, no pasillo.

Unha vez dentro do Salón de Sesións, o secretario da Comisión Seleccionadora informou ás catro aspirantes:

- Dos dous acordos que acababan de ser adoptados (os cales se recollen nesta acta); e que, en canto ao exercicio práctico previsto para o día de hoxe, que tal como se indica nas bases, consistirá en resolver no prazo de corenta e cinco minutos, un suposto de carácter práctico relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario especificado no Anexo I, que será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo eliminadas as aspirantes que obtiveran menos de 5 puntos.

-Tamén se informou que, segundo se dispón nas bases, a Comisión Seleccionadora poderá acordar a lectura dos exercicios, se o considera conveniente, podendo realizar preguntas tanto en relación coa exposición do exercicio como en relación co temario que figura no Anexo I das Bases

(Comprobando que as catro aspirantes presentadas foron: Alejandra Carreño Rodríguez,

Lorena Martín Oreiro, Tamara Dosantos Delegado e Ana María Regueira Rodríguez; non comparecendo as aspirantes: Sara María Cid Alvarez, Emilia Edreira Armesto e Patricia Varela Pereiro).

Seguidamente se fixo entrega a cada unha das catro aspirantes presentadas dos dous folios que conteñen as dez cuestións que terían que resolver as aspirantes, concretando nesas folios cal serían as respostas correctas.

Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe; figurando en negrita as respostas correctas, en relación con cada unha das dez cuestións formuladas:

**1.- A catalogación dos fondos dunha biblioteca non é labor dos auxiliares pero deben coñecer o formato MARC21, as Reglas de Catalogación e a CDU. ¿Quen se encarga en España de publicar a CDU?:**

- a).- Ministerio de Cultura
- b).- Rede de Bibliotecas Públicas do Estado.
- c).- Biblioteca Nacional.
- d).- Ningunha das respostas é certa.**

**2. No verso da portada dun libro figuran: ISSN 1578-8954; NIPO 101- 03-005-09; D.L. M-3082-2002.¿Existe algún elemento nas fontes de información da publicación que identifique o seu control como publicación oficial?**

- a. Non, porque non aparece o ISBN
- b. Si, o depósito legal
- c. Si, o NIPO**
- d. Si, o número del ISSN

**3.- O Instituto de Arzúa devolve á Biblioteca Pública Municipal “Rosalía de Castro” os seguintes libros. Cal sería a súa orde segundo a signatura.**

1. 347.726(7/8) MON	
2. 347.724 MOS	
3. 347.728(44) MIL	
4. 347.725.007 IGL	LIBROS DEVOLTOS
5. 347.726(78) BAL	
6. 347.725.03 NEP	
7. 347.724(430) HES	

- a).- 2-7-4-6-5-3-1
- b).- 2-7-6-4-1-5-3
- b).- 2-7-4-6-5-1-3
- d).- 2-7-4-6-1-5-3**

**4.- Qué clases de números encontramos na seguinte clasificación CDU?**

**72(460.18)“19”=111**

- a. Principal, auxiliar común de tempo, auxiliar especial de lingua, auxiliar común de lugar
- b. Principal, auxiliar común de lugar, auxiliar común de tempo, auxiliar común de lingua.**
- c. Principal, auxiliar común de forma, auxiliar común de tempo, auxiliar común de lingua.
- d. Principal, auxiliar común de lugar, auxiliar especial de tempo, auxiliar especial de lingua

**5.- Indica a orde cronolóxica das etapas ou fases do proceso documental.**

- 1 - Selado
- 2 - Colocación da signatura topográfica e etiqueta da clasificación
- 3 - Ordenación nos estantes
- 4 - Selección
- 5 - Control de la colección: recontos e inventarios
- 6 - Adquisición
- 7 - Rexistro
- 8 – Análise documental (descripción bibliográfica, puntos de acceso, clasificación)

- a) 4-7-6-8-1-2-3-5
- b) 4-6-7-1-8-2-3-5**
- c) 4-6-1-7-2-3-5-8
- d) 4-6-1-7-2-8-3-5

**6.Ordena correctamente los siguientes encabezamientos de persona:**

1. Xoán II, rei de Aragón
2. Xoán I, rei de Castela
3. Xoán XXIII, Papa
4. Xoán X, Papa
5. Xoán III, rei de Castela

- a) 2-1-5-4-3
- b) 4-3-1-2-5**
- c) 4-3-2-5-1
- d) 2-5-4-1-3

**7. A procura Jame\* nun OPAC recuperaranos:**

- a) Jame, Jaime, Jaume.
- b) Jame, James, Jameson, Jamerton.**
- c) Jame, Jema, Meja, Maje
- d) Jame, James, Jameson, Jamison.

**8.- Pedimos por préstamo interbibliotecario “El sinodal de Aguilafuerte”, o primeiro libro impreso en España, imos recibir o orixinal na biblioteca?:**

- a).- Si, é o que pedimos.
- b).- Non, ao seren un libro moi solicitado, ben seguro que nos digan que non o poden enviar a biblioteca.
- c).- Non, o que recibiremos é una copia do exemplar seguramente dixitalizado.**
- d).- Imos recibir algunhas fotocopias do libro.

**9.- Un usuario diríxese ao mostrador da biblioteca de Arzúa e solicita o libro “Arzúa no Camiño de Santiago” de Cacheda Vijide. A que sección o dirixirías:**

- a).- Sección de Historia.
- b).- Sección de Xeografía.
- c).- Sección de Arte.
- d).- Fondo bibliográfico local.**

**10. Que opción representa correctamente as notacións da CDU coa súa materia segundo a edición de 2016?**

- a).- (038) Auxiliar común de forma : enciclopedia  
=11 Auxiliar común de lingua : línguas eslavas  
(460.111.1) Auxiliar común de lugar : A Coruña (cidade)  
35 Dereito. Xurisprudencia  
51 Física  
62 Anatomía  
72 Música  
821.134.2 Literatura iberorromance  
94 Ciencia da Historia. Historiografía
  
- b). (038) Auxiliar común de forma : dicionario  
=11 Auxiliar común de lingua : línguas xermánicas  
(460.111.1) Auxiliar común de lugar : Santiago de Compostela (capital de Galicia)  
35 Administración Pública. Goberno. Asuntos militares  
51 Matemáticas  
62 Enxeñaría  
72 Arquitectura  
821.134.2 Literatura española  
94 Historia xeral**
  
- c). (038) Auxiliar común de forma : publicacións periódicas  
=11 Auxiliar común de lingua : línguas celtas  
(460.111.1) Auxiliar común de lugar : A Coruña (capital da provincia)  
35 Educación  
51 Química  
62 Agricultura  
72 Fotografía  
821.134.2 Literatura hispanoamericana  
94 Estudos biográficos
  
- d). (038) Auxiliar común de forma : Libros educativos, escolares e de texto.  
=11 Auxiliar común de lingua : línguas románicas  
(460.111.1) Auxiliar común de lugar : provincia da Coruña  
35 Demografía. Socioloxía, Estatística  
51 Botánica  
62 Agricultura  
72 Urbanismo  
821.134.2 Literatura iberoamericana  
94 Xeografía como ciencia. Viaxes

## PREGUNTA DE RESERVA.

11) Unha persoa achégase ao mostrador da biblioteca e pregúntanos que requisitos fan falta para levar libros en préstamo, a resposta será:

- a) Debe facer a tarxeta que o acredita como usuario da biblioteca e indicámoslle o que precisa para obtela.
- b) Facilitámoslle unha solicitude para que a cubra.
- c) Debe ser maior de idade.
- d) Ten que falar co responsable do servizo.

---

Antes de cumprirse o prazo dos corenta e cinco minutos, as aspirantes foron entregando os exercicios realizados; se ben, coincidindo coa entrega do primeiro exercicio práctico realizado, comunicouse ás catro aspirantes que a Comisión Seleccionadora decidira non facer uso da previsión contida nas Bases, de que cada aspirante tivera que facer a lectura dos exercicios realizados.

E así unha vez foron entregados os catro exercicios prácticos, a Comisión Seleccionadora procedeu a súa corrección; outorgándose as seguintes puntuacións; sobre un máximo de 10 puntos.

Nome e apelidos	Puntuación proba práctica
Lorena Martín Oreiro	10 puntos
Alejandra Carreño Rodríguez	8,75 puntos.
Ana María Regueira Rodriguez	5 puntos
Tamara Dosantos Delgado	4,25 puntos.

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas, adoptouse -por unanimidade dos membros da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

**Primeiro:** Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada una das catro aspirantes presentadas, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que as interesadas poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste segundo exercicio, de carácter práctico da fase de oposición.

**Segundo:** Facer saber á aspirante, que non obtivero a puntuación mínima de 5 puntos, que quedaba eliminada neste proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Décima das que rixen a oposición.

**Terceiro.-** Facer saber ás tres restantes aspirantes que superaron o exercicio de carácter práctico realizado no día de hoxe, que -ao acreditar que estaban en posesión do Celga 3 ou equivalente, estarían exentas de realizar o terceiro exercicio da oposición, sobre coñecemento do idioma galego; obtendo en dito exercicio a puntuación máxima de 2,5 puntos cada unha delas, por vir así previsto para tales casos na Base Décima das que rixen o proceso de selección.

**Cuarto.-** Concretar que a puntuación final, obtida por cada aspirante neste proceso de

selección, virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no exercicio teórico, no exercicio práctico e no exercicio sobre coñecemento do idioma galego; polo que, despois de realizadas esas sumas, as puntuacións obtidas polas tres aspirantes que superaron o proceso de selección serían as seguintes:

	Nome e apelidos	Ex. teórico	Ex. práctico	Galego	TOTAL
1º	Lorena Martín Oreiro	16,25	10	2,5	28,75
2º	Alejandra Carreño Rodríguez	16,75	8,75	2,5	28
3º	Ana María Regueira Rodríguez	13,25	5	2,5	20,75

**Quinto.-** Formular ao alcalde a proposta de nomeamento como funcionaria interina, para desenvolver o posto de traballo de auxiliar da biblioteca municipal, a favor da aspirante que obtivo a maior puntuación, que resultou ser **Lorena Martín Oreiro**; co obxecto de realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen o proceso de selección.

**Sexto.-** Concretar que, para o suposto de que a aspirante proposta como auxiliar de biblioteca municipal, non poidese acreditar -dentro dos tres días previstos na Base Duodécima - os requisitos necesarios para realizar o seu nomeamento, ou renunciase a ser nomeada funcionaria interina; a proposta de nomeamento agora realizada se traslade a favor da seguinte aspirante, Alejandra Carreño Rodríguez e, se está non estivera interesada, a favor da seguinte aspirante Ana María Regueira Rodríguez

**Sétimo.-** Dispor a súa publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello dun exemplar da presente acta:

- a) Para coñecemento das interesadas, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e
- b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do seguinte ao da publicación desta acta), co obxecto de que a aspirante proposta poida presentar a documentación esixida na Base Duodécima das que rixen a oposición.

Co cal deronse por rematadas as actuacións que quedaron descritas, ás 12.00 horas do día de hoxe; estendéndose a presente acta, para ser subscribida polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal eu, como secretario de dita Comisión, dou fe.